

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

Rocío Costoyas Riveiro, Secretaria-Interventora do Concello de Entrimo, **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Entrimo na sesión extraordinaria celebrada en data 30 de xullo de 2024, tomou o seguinte acordo que se transcribe:

“IV.- ASUNTOS VARIOS

IV.I.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DUNHA DAS ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITA NO CAMIÑO DO ARIEIRO Nº 4 (A TERRACHÁN)”

Vista a Resolución do 23 de decembro 2020 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables a concesión de subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino o alugueiro social (DOG núm. 5, do 11 de xaneiro de 2021), modificada pola resolución de 18 de novembro de 2022.

Vista a Resolución do 4 de marzo de 2024 pola que se convocan para 2024 distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación (código de procedemento VI422F).

Visto que por resolución de data 24 de xuño de 2024 do director xeral do IGVS se concede unha subvención para o proxecto denominado “Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres sita no Camiño do Arieiro 4 – A Terrachán”, cuxo importe ascende á contía de 50.000,00 €, co detalle que se transcribe:

Investimento	Subvención	Concepto	Subv. 2024	Subv. 2025
58.881,30 €	50.000,00	Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres sita no Camiño do Arieiro 4 – A Terrachán	500,00 €	49.500,00 €


Considerando que as accións previstas nesta resolución teñen como obxecto prestar apoio aos Concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas para alugueiro social en réximen de alugamento, á unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.

Considerando a importancia dos Concellos na mellora das condicións de vida dos seus habitantes e das persoas en xeral.

Visto que o obxecto deste contrato é a execución das obras correspondentes á memoria:

Obxecto:	Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)	
Autor da memoria	Titulación	Orzamento
Marcos Sánchez López	Arquitecto	58.881,30 € (ive incluído)





CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

Visto que o valor estimado do contrato ascende a 48.662,23 euros (IVE excluído).

Vistas as características do contrato:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato: Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)	
Procedemento de contratación: Aberto simplificado Sumario	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV:	
45200000-9 45454100-5	Traballos de construción de inmobles e enxeñería civil Traballos de restauración
Valor estimado do contrato: 48.662,23 euros (IVE excluído)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 48.662,23	IVE%: 21%
Orzamento base de licitación IVE incluído: 58.881,30	
Prazo de execución: 6 meses	

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Vistos a memoria técnica da obra, a memoria xustificativa da necesidade e idoneidade do contrato, o acordo de inicio do expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría-Intervención.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía o 3 de xullo de 2023, por unanimidade dos membros presentes, acorda:


Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para a obra de “Rehabilitación dunha das antigas vivendas dos mestres de titularidade municipal sita no Camiño do Arieiro nº 4 (A Terrachán)”, convocando a súa licitación.

Segundo: Aprobar o gasto correspondente con cargo á aplicación 920-632 do Estado de Gastos e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

Terceiro: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares. A documentación





**CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)**

**Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es**

necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Quinto: Designar á unidade técnica formada por Secretaría-Intervención, como órgano competente para proceder á apertura das proposicións e á valoración das ofertas.

Sexto: Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das mesmas mediante dispositivo electrónico e á súa valoración.

Sétimo: Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adjudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adjudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederase á adjudicación do contrato.”

E para que conste ós efectos oportunos asino o presente, coa salvedade do disposto no artigo 206 do ROF, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, Ramón Alonso López, na data da sinatura electrónica.

Visto e prace
O Alcalde
Ramón Alonso López

A Secretaria
Rocío Costoyas Riveiro

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

